

Por: Vitelio Cenlumes (Xavier Barreiro)  
Vitemlumes @ mixmail.com

## LA COCINA INFORMATIZADA DEL 2000

C@LDEIR@D@DE CHIPS,E-M@ILS E WEBS EN S@LS@ DE TÓNER


Dende que o home deixou de comer á carta e sen pagar un euro, no paraíso terreal, tivo que poñerse a traballar para mata-la fame. Segundo contan as crónicas daqueles tempos por culpa dunha mazá en mal estado e unha boa moza.

Ó principio contentabámonos con calquera cousa pero ó evolucionar fixémonos máis esixentes, moi sibaritas, xa non nos saciaban as carnes crúas e as froitas silvestres. Domesticamos animais e devoramos a existencia e continuidade doutros como o uro, antecesor da vaca marela ( nome que reciben tódalas vacas de raza rubia galega). Fixémonos agricultores e gandeiros, desenrolamos as técnicas de cociña, ampliamos os ingredientes para enche-lo pote, apareceron novos métodos para cocifar e miles de receitas, descubrimos os xeitos de conservación de alimentos ( salgazón, ó baleiro, conxelado, conservas e semiconservas, afumado, ... ) elevamos a cociña á categoría de Arte e moito máis, comemos no espazo, restrinximos o acceso ós alimentos como medida de presión política e matámonos uns a outros pola comida. Todo isto levounos milenios para rematar con cultivos tranxénicos, ingredientes e conservantes canceríxenos, algúns pecando coa gula e sen gardar vixilia nin pagar a bula, colesterol, anorexia, anemias e outras anomalías nutricionais.

Inda que sementados ou criados na casa, os productos das nosas hortas e granxas xa non transmiten o aroma de fai vinte anos. Non ten perdón a desidia que permite a desaparición do noso potencial culinario xenético: Porco celta, tirabeques de manteiga, peras urracas, mazás tabardillas, e moitas máis. O ente do ser galego é unha interrelación fala comida familia terra, por iso as nosas mulleres gardaron durante xeracións as receitas e o xeito de cocifar como se fosen parte dunha dote, aínda que a cociña galega de hoxe está moi influenciada polas aportacións dos galegos no exterior que retornan e por cociñas distantes.

Ata nós chegaron receitas de xeito oral, en pergamiños con centos de anos ( para uso persoal das clases podentes ) ou en libros moi vellos. Hoxe atopamos publicadas máis receitas das que xamais poderemos probar, pero sempre botaremos en falta ese pracer de soba-las follas de papel vello das receitas da avoa, perderemo-lo orgullo de mellorlas e transmitilas, desaparecerá o olor de continuidade.

Cos avances tecnolóxicos e coa axuda dun ordenador chegaremos a Internet. Non se trata de que no século XXI pulsemos unha tecla e saia a comida por unha especie de impresora microondas, coido que non, pero nunca se sabe, nin é cuestión de facer unha caldeirada coas tripas do PC. A tecnoloxía debe intentar poñer á nosa disposición a técnica antiga do cociñado lento, comenzar a fogo forte e rematar moi suave, tal como se elaboraba antigamente o típico tópico caldo galego, que as cocíneiras galegas deixaban facéndose con bastante leña ó lume mentres ían ó campo. O secreto da cociña ben elaborada consiste en combinar o tempo de cocción coa temperatura. Imaxinemos unha vitrocerámica con temporizador e control de temperatura gradual: A máquina do tempo gastronómico. Se ben hai moito lixo, podemos consultar algunas páxinas moi interesantes de diversa temática relacionada co comer: Receitas, nutrición e dietética, páxinas persoais en onde calquera pode expoñer os seus coñecementos cos pucheiros, historia da gastronomía e a cociña, libros e todo un mundo dos fogóns por descubrir ou consultar. Non é necesario cambiar os nosos costumes á hora de enche-lo pote senón de Enriquecer os nosos pratos. Algunhas das que consultei e me parecen interesantes:



- Galician Way of cooking : <http://www.riasbaixas.org>
- <http://www.orujodegalicia.org>

Páxina do Consello Regulador. Receitas. Normativas Legais, nostas de prensa, diccionario de términos, historia do augardente, proceso de elaboración.

- España é diferente: <http://www.afuegolento.com>
- Resto da rede: <http://www.culinary.com>
- <http://www.gastronomias.com>
- <http://members.xoom.com/Aroamey>
- <http://people.goplay.com/biomoleculas>